



ORDENANZA N° 2
**ORDENANZA REGULADORA DA
TAXA POLO OUTORGAMENTO DE
LICENCIAS OU AUTORIZACIÓNNS
ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E
DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER.**

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servicios ou a realización de actividades administrativas de competencia local por "outorgamento de licencias ou autorizaciónns administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer", que se rexerá pola presente ordenanza, atendendo as súas normas ó prevido no artigo 58 en relación co artigo 20.4.c), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do réxime local das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúen o feito imponible desta taxa a presentación dos servicios e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o regulamento aprobado polo Real decreto 763/1979, do 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias cando proceda o seu outorgamento, consonte á lexislación vixente.
- c) Autorización para a substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa

este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.

d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia a parte.

e) Dilixenciamiento dos libros de rexistro das empresas de servicios de transportes reguladas no dito regulamento.

Artigo 3º.- Suxeto pasivo.

Están obrigados ó pagamento da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuyentes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade que ó seu favor se outorgue a concesión e expedición da licencia, e que ó seu favor se autorice a transmisión desta.

2. O titular da licencia do cal o seu vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e/ou os seus libros de rexistro sexan dilixenciados.

Artigo 4º.- Responsable.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servicio ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Conceptos; pesetas.

Epígrafe primeiro.- Concesión e expedición de licencia.

- a) Licencias da clase A; 60.000 pta.
- b) Licencias da clase B; 60.000 pta.
- c) Licencias da clase C; 60.000 pta.

Epígrafe segundo.- Autorización para transmisión de licencias.

a) Transmisión "inter vivos":

1. De licencias da clase A; 200.000 pta.
2. De licencias da clase B; 200.000 pta.
3. De licencias da clase C; 200.000 pta.

b) Transmisións "mortis causa":

1. A primeira transmisión de licencias de calquera clase a favor dos herdeiros forzosos;

2. Ulteriores transmisións das referidas licencias;

Epígrafe terceiro.- Substitución de vehículos.

- a) De licencias clase A;
- b) De licencias clase B;
- c) De licencias clase C;

Epígrafe cuarto.- Revisión de vehículos.

a) Revisión anual ordinaria;

b) Revisión extraordinaria, a instancia de parte;

Epígrafe quinto.- Dílixenciamento de libros de rexistro.

a) Empresas titulares de licencias, obrigadas a iso;

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación ningunha no pagamento da taxa.

Artigo 7º.- Obriga de contribuír.

1. Aplícase a taxa e nace a obriga de contribuír, nos casos sinalados nas letras a), b) e c) do artigo 2º, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorice a súa transmisión ou a substitución do vehículo.

2. Cando se trate da prestación dos servicios de revisión de vehículos e de dílixenciamento de libros de rexistro, a taxa aplicarase no momento en que se inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que a dita iniciación se produce coa solicitude destes.

Artigo 8º.- Declaración de ingreso.

1. A relación das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2. Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servicios solicitados, procedendo os contribuíntes ó seu pagamento no prazo establecido polo Regulamento xeral de recaudación.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, haberá que atenerse ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión do 20 de novembro de 1998, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE.- A SECRETARIA.